

O ESTADO DA POBREZA

SEGUIMENTO DO INDICADOR DE RISCO DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

2009-2015




Este informe ejecutivo forma parte e amplía os contidos do VI Informe “[El Estado de la Pobreza en España 2016](#)” que ven de presentar a Red Europea de Lucha contra la Pobreza y la Exclusión Social en el Estado Español (EAPN-España), da que a Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) forma parte.

En base a información oficial de Eurostat, Instituto Nacional de Estadística (INE) e Instituto Galego de Estatística (IGE), pretende ofrecer á sociedade galega unha avaliación do grado de cumprimento do obxectivo social especificado na Estratexia Europa 2020 para o conxunto de España.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ó indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROPE). Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos: Risco de Pobreza (en 2015 ingresar menos de 8011 € ao ano, 667€ ó mes), Privación ou carencia material severa e Baixa Intensidade laboral no fogar.

Hai xa 5 anos, España comprometeuse a sacar entre 1,4 y 1,5 millóns de persoas da pobreza e a exclusión. Os datos aportados neste Informe demostran que esta meta non se alcanzará, nin en Galicia nin no conxunto do estado de manterse as tendencias actuais.

Gráfico 1. Taxa AROPE 2009-2015. comparativa España e Galicia



Asistimos a un empobrecemento da sociedade galega: 702.000 persoas, o 25,7% da poboación vivía no 2015 en risco de pobreza e/ou exclusión social, 106.000 persoas máis que no ano anterior.

A cifra é case 3 puntos porcentuais inferior á do conxunto nacional. No último ano, o crecemento da taxa foi de 1,9 puntos porcentuais. Ademais, na totalidade do período estudado a taxa creceu 1,4 puntos porcentuais.

Como se dixo, o indicador AROPE resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos: Risco de Pobreza, Privación ou carencia material severa e Baixa Intensidade laboral no fogar.

Gráfico 2. Risco de pobreza 2009-2015 comparativa España e Galicia



En termos cuantitativos, o principal compoñente do AROPE é a Taxa de Risco de Pobreza.

No 2015, o 19,4 % da poboación da rexión está en risco de pobreza (en 2015 ingresar menos de 8011 € ao ano, 667€ ó mes). Esta cifra é algo menos de tres puntos inferior á media nacional. En termos absolutos, en Galicia hai unhas **530.000 persoas en risco de pobreza das cales 106.000 pasaron a esta situación entre o 2014 e o 2015 (catro puntos de crecemento).**

Como mostra o gráfico, os malos resultados deste último ano (**a cuarta CCAA na que máis se incrementou**) empeoran notablemente a evolución do indicador dende o ano 2009. Aínda así, no conxunto do período a taxa de pobreza reduciuse 1,2 puntos porcentuais, o que supón unhas 23.000 persoas menos.

Empeoran quenes peor o están pasando: As persoas en pobreza severa (con ingresos inferiores a 332€ ao mes) xa son o 4,8% da poboación galega: 132.000 homes e mulleres. No 2014 era o 3,5%. 38.000 persoas máis nun ano.

Gráfico 3. Niveis de pobreza 2015 comparativa España Galicia





Gráfico 4. Carencia material severa 2009-2015



A única boa nova o informe é que no ano 2015, o 4,2 % da poboación de Galicia vive en situación de Privación ou Carencia Material Severa fronte ao 5,5% no 2014, é dicir, non podía facer fronte polo menos a catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo que se mostran na táboa seguinte. A taxa é relativamente reducida, e está 2,2 puntos por baixo da correspondente ao conxunto da poboación nacional. En termos absolutos 114.000 persoas viven en situación de Privación Material Severa na rexión.

Respecto dos ítems de consumo, pode destacarse que o 1,2 % da poboación non pode permitirse unha comida de carne, pito ou peixe cada 2 días; e o 13,7 % non pode manter a vivenda calefaccionada no inverno e que o 27,4 % da poboación non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos. Os gráficos seguintes mostran a evolución destes ítems desde o ano 2008 en comparación coa media nacional.

Táboa 5. Ítems de Privación Material Severa

ÍTEMS DE PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Nacional												
IT 1: Retrasos en pago de gastos relacionados coa vivenda princip. nos últimos 12 meses	7,3	6,2	6,1	6,6	7,1	9,6	10,4	7,9	9,9	11,0	11,7	11,0
IT 2: Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	9,5	9,3	10,1	8,0	5,9	7,2	7,5	6,5	9,1	8,0	11,1	10,6
IT 3: Non pode permitirse ir de vacacións ao menos unha semana ao ano	45,1	42,5	40,5	37,9	36,2	42,0	42,7	40,9	46,6	48,0	46,4	41,5
IT 4: Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado ao menos cada 2 días	2,3	2,4	3,8	2,4	2,2	2,1	2,6	3,2	2,6	3,5	3,3	2,6
IT 5: Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	39,6	34,5	32,5	30,8	29,9	36,5	38,7	37,6	42,1	42,1	42,6	39,8
IT 9: Non pode permitirse dispoñer de un automóbil	7,0	6,4	5,8	4,9	5,9	5,7	5,9	5,6	5,7	6,2	6,0	5,8
No pode permitirse dispoñer dun computador persoal	14,9	12,4	11,7	9,6	8,9	8,1	7,6	5,6	6,6	6,7	7,2	7,1
Galicia												
IT 1: Retrasos en pago de gastos relacionados coa vivenda princip. nos últimos 12 meses	4,5	3,3	5,0	4,8	3,0	5,5	5,8	5,0	6,0	5,2	7,4	6,7
IT 2: Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	20,0	14,6	14,0	12,6	8,9	12,6	12,4	5,4	7,0	12,2	14,1	13,7
IT 3: Non pode permitirse ir de vacacións ao menos unha semana ao ano	55,2	48,4	53,7	44,2	38,4	52,9	48,2	47,2	48,8	59,2	55,3	48,3
IT 4: Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado ao menos cada 2 días	1,6	1,3	2,7	1,5	1,1	1,5	1,1	2,0	0,4	5,5	1,8	1,2
IT 5: Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	43,7	36,2	28,1	27,6	24,4	33,6	36,8	30,0	35,2	36,6	36,5	27,4
IT 9: Non pode permitirse dispoñer de un automóbil	4,5	4,1	3,1	2,9	3,9	4,4	3,9	3,3	5,1	2,4	2,5	2,3
No pode permitirse dispoñer dun computador persoal	16,8	15,3	13,3	8,9	8,7	8,7	8,9	5,4	5,8	5,2	8,0	6,7

Gráfico 6. Retrasos en pago de gastos relacionados coa vivenda principal




Gráfico 7. Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada



Gráfico 8. Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado cada dous días




Gráfico 9. Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos



Gráfico 10. Non pode permitirse dispoñer dun computador persoal



Gráfico 11. Poboación en fogares con baixa intensidade de traballo 2009-2015



O 13,8 % da poboación menor de 60 anos residente en Galicia vive en fogares con baixa intensidade de emprego. 1,1 puntos menos que no 2014. Do mesmo xeito que os outros indicadores AROPE é algo inferior á media nacional. A gráfico mostra durante os primeiros anos unha evolución moi similar á media nacional e, a partir do ano 2012, unha redución paulatina que no último ano modérase e acaba situando a taxa 1,6 puntos porcentuais por baixo da nacional. A pesar deste pequeno descenso, na totalidade do período o BITH multiplícase por 1,8, é dicir, case se duplica.

E importante sinalar que tanto en Galicia como no resto do estado, **a creación de emprego xa non garante saír da pobreza**. Mellora a baixa intensidade laboral dos fogares galegos, pero non é unha boa nova completa porque moitos dos novos empregos que se crean son precarios ou de baixa calidade. A pobreza laboral é un fenómeno crecente en toda España, donde no 2015 o 14,8% das trabajadoras estaba en situación de pobreza (un 14,2% no 2014, 11,7% en 2013).

DESGLOSE TAXA AROPE

Táboa 12. Evolución taxa AROPE por tramos de idade. Comparativa España e Galicia


No 2015, en Galicia a taxa AROPE aumenta en tódolos tramos de idade, ao contrario que a tendencia estatal que se mantén ou diminúe en moitos tramos.

A nivel autonómico, **o empeoramento ensáñase especialmente co 37,8%, dos nosos xoves (16 a 29 anos) e co 27,6% dos nosos nenos e nenas**. No primeiro caso a taxa **crece 3,9 puntos, e no caso da pobreza infantil 7,3 puntos**.

	MENORES DE 16		16-29 ANOS		30-44 ANOS		45-64 ANOS		65 OU + ANOS	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
2009	26,9%	31,9%	23,0%	23,6%	24,5%	22,9%	24,3%	22,7%	24,8%	24,9%
2010	28,5%	32,6%	24,0%	27,8%	19,9%	24,9%	22,5%	24,2%	21,6%	22,9%
2011	22,1%	31,6%	24,7%	30,4%	15,7%	26,0%	24,4%	25,8%	19,5%	21,2%
2012	25,2%	31,4%	32,8%	33,5%	19,1%	28,0%	28,0%	27,2%	17,7%	16,5%
2013	25,2%	31,9%	37,1%	33,0%	20,1%	28,0%	27,7%	28,9%	16,2%	14,5%
2014	20,3%	35,4%	33,9%	36,4%	22,0%	30,4%	28,8%	31,0%	15,2%	12,9%
2015	27,6%	33,4%	37,8%	38,2%	22,4%	28,5%	30,4%	31,0%	16,2%	13,7%

A taxa de risco de pobreza en mozos/as de entre 16 e 25 anos atopábase en 2014 nun 25,5%, 8,2 puntos máis con respecto a 2009.

En relación a conxunto do estado, denótanse certas similitudes neste aumento sendo a mocidade un dos colectivos máis castigados pola pobreza a nivel estatal e rexional, aínda que compre destacar enormes diferenzas importantes como o considerable **aumento da pobreza infantil en Galicia fronte a diminución en España**.



Táboa 13. Pobreza en maiores de 65 anos. Tramos de contía por clase de pensión

Tramos de contía por Clase de pensión

(Datos a 31 de decembro 2015)						
CCAA/Provincias: GALICIA	Incapacidade Permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor Familiar	Todas as prestacións
Ata 150 euros	649	16.298	7.576	2.095	140	26.758
De 150,01 a 250,00	353	8.608	10.946	10.513	599	31.019
De 250,01 a 300,00	305	7.640	23.099	1.354	57	32.455
Parte proporcional ata limiar pobreza extrema (334 € mes)	886	13.323	13.448	622	69	28.348
De 300,01 a 350,00	1.311	19.713	19.898	921	102	41.945
De 350,01 a 400,00	5.532	16.123	10.052	728	55	32.490
De 400,01 a 450,00	4.315	18.122	10.178	880	1.621	35.116
De 450,01 a 500,00	3.155	8.611	7.755	458	2.573	22.552
De 500,01 a 550,00	3.150	9.722	5.162	485	115	18.634
De 550,01 a 600,00	8.207	19.088	7.995	1.616	90	36.996
De 600,01 a 648,59	6.222	133.920	46.376	242	82	186.842
Parte proporcional ata limiar pobreza (667 € mes)	1.271	4.684	1.907	1.292	25	9.178
De 648,60 a 700,00	3.441	12.683	5.163	3.497	68	24.852
De 700,01 a 800,00	8.091	39.609	9.568	283	134	57.685
De 800,01 a 900,00	4.780	17.770	6.742	171	89	29.552
De 900,01 a 1.000,00	3.882	16.799	4.388	172	79	25.320
De 1.000,01 a 1.100,00	3.020	16.330	3.149	196	55	22.750
De 1.100,01 a 1.200,00	2.391	13.388	2.107	107	53	18.046
De 1.200,01 a 1.300,00	1.762	11.846	1.671	92	36	15.407
De 1.300,01 a 1.400,00	1.439	10.064	1.740	35	12	13.290
De 1.400,01 a 1.500,00	1.145	8.626	2.608	32	12	12.423
De 1.500,01 a 1.600,00	950	7.556	611	15	4	9.136
De 1.600,01 a 1.700,00	661	6.943	67	14	6	7.691
De 1.700,01 a 1.800,00	580	5.735	18	7	8	6.348
De 1.800,01 a 1.900,00	528	5.288	15	18	4	5.853
De 1.900,01 a 2.000,00	467	4.661	14	16	2	5.160
De 2.000,01 a 2.100,00	451	4.185	9	15	6	4.666
De 2.100,01 a 2.200,00	358	3.827	5	2	1	4.193
De 2.200,01 a 2.300,00	251	3.570	--	1	1	3.823
De 2.300,01 a 2.400,00	178	3.288	2	--	--	3.468
De 2.400,01 a 2.560,89	277	5.585	2	--	--	5.864
De 2.560,87 a 2.560,89	615	10.609	5	1	--	11.230
Más de 2.560,89 euros	279	1.310	1	--	--	1.590
Todos os tramos	68.745	467.517	186.922	23.966	6.004	753.154
TOTAL EN POBREZA	34.470	262.529	150.944	20.584	5.459	473.985
%	50,1%	56,2%	80,8%	85,9%	90,9%	62,9%
TOTAL POBREZA SEVERA	2.193	45.869	55.069	14.584	865	118.580
%	3,2%	9,8%	29,5%	60,9%	14,4%	15,7%

Fonte: Elaboración propia con datos de Ministerio de Empleo e Seguridade Social

Unha pobreza e exclusión que por primeira vez aumenta nos persoas maiores de 65 anos,

Dado que os ingresos das persoas maiores dependen na súa práctica totalidade das pensións que perciben, a súa situación de pobreza dependerá fundamentalmente do importe da pensión.

Na táboa anterior, indícase o número de pensións segundo os tramos de contía e a clase de pensión que perciben os maiores en Galicia. Pode verse que **o 62,9 % das pensións está por baixo do limiar de pobreza**, o que significa que 473.985 persoas maiores están en situación de pobreza e/ou exclusión social por mor das súas baixas pensións. **Ademais, o 15,7%, 118.580 persoas, están por debaixo do limiar da pobreza severa.** Dentro deste grupo, é especialmente grave a

situación das mulleres viúvas, posto que máis do 80% das pensións de viuvez están baixo o limiar de pobreza.

Táboa 14. Taxa risco de pobreza e exclusión principais Concellos de Galicia.

Segundo os datos recollidos ata o 2014 na última [Enquisa Estrutural a Fogares do Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#) a dispersión das cifras e investimento sociais características do conxunto do estado tamén definen a realidade galega.

Existe unha diferenza de ata **9,9 puntos entre o Concello de Lugo e o de Ferrol**, os concellos con menor e maior porcentaxe de persoas en risco de padecer pobreza ou exclusión.

	2011	2012	2013	2014
Concello de Ferrol	22,1%	23,0%	25,8%	25,9%
Concello da Coruña	17,6%	19,1%	22,4%	19,2%
Concello de Santiago de Compostela	16,2%	18,7%	18,0%	17,5%
Concello de Lugo	13,9%	17,7%	14,5%	16,0%
Concello de Ourense	17,9%	23,2%	20,4%	19,5%
Concello de Pontevedra	24,6%	20,6%	23,0%	20,1%
Concello de Vigo	22,1%	21,2%	24,2%	22,2%

¿LIMIAR NACIONAL OU AUTONÓMICO?

A pobreza pódese medir utilizando un limiar nacional, común para todas as comunidades autónomas, e un limiar rexional, que determina a un conxunto de persoas pobres en función da mediana dos ingresos de cada comunidade autónoma en particular. En xeral, a utilización de limiares rexionais reduce as taxas de pobreza nas comunidades máis pobres e aumentaas no resto. O gráfico seguinte mostra unha comparativa a evolución dos limiares rexional e nacional de pobreza, vendo que este aspecto apenas ten importancia na análise.

No 2015 o limiar de pobreza rexional é 64 € superior ao nacional, o que significa que as persoas residentes en Galicia que gañan entre 8.075 e 8.011 € pasan a ser consideradas pobres se se utilizan os limiares rexionais. Así como noutras rexións a utilización de limiares rexionais de pobreza modifica substancialmente os índices de pobreza, en Galicia non sucede así e a taxa de pobreza con limiar rexional é do 19,6%, moi similar á medida segundo o criterio da UE.

Gráfico 15. Comparativa pobreza liminar nacional e rexional






Gráfico 16. Renda Media (por persoa)



Galicia foi unha das comunidades autónomas onde a renda media por persoa creceu nos anos de crise. Actualmente, a renda media por persoa é de 10.212 € ao ano, 207 € inferior á renda media nacional e 186 € máis que a dispoñible en 2009, o que supón un aumento do 1,9.

Gráfico 17. Galicia: evolución da poboación



A 1 de xaneiro de 2016, a poboación de Galicia alcanza as **2.732.347 persoas censadas**, cunha poboación inmigrante de 90.641 persoas que supoñen o 3,3 % del total da poboación, que é a 2ª taxa máis baixa de todas as rexións.

Dende o ano 2010 Galicia perdeu un total de 65.306 persoas residentes, o que supón un descenso do 2,3 %, que en termos comparativos é alto (a 4ª comunidade autónoma con maior descenso de poboación). Tal como sucedeu na práctica totalidade das comunidades autónomas, a crise impulsou o retorno aos seus

países de orixe -ou a outros- dunha parte importante da poboación inmigrante. Así, dende o ano 2012 abandonaron a rexión 2.1542 persoas estranxeiras, o que supón unha redución do 19,2 % da poboación inmigrante. De todas elas, 17.644 persoas, é dicir, unha gran maioría, estaban en idade de traballar.

Táboa 18. Evolución poboación total e estranxeira

Galicia: EVOLUCIÓN POBOACIÓN TOTAL E ESTRANXEIRA SEGUNDO PROCEDENCIA												
ANO	POBOACIÓN TOTAL				POBOACIÓN ESTRANXEIRA		VARIACIÓN INTERANUAL POBOACIÓN ESTRANXEIRA					
	TOTAL	ESPAÑOLA	ESTRANXEIRA	% EXTR.	UNIÓN EUROPEA	RESTO	UE	%	RESTO	%	TOTAL	%
2008	2.784.169	2.688.601	95.568	3,4%	34.649	60.919						
2009	2.796.089	2.689.452	106.637	3,8%	39.014	67.623	4.365	12,6%	6.704	11,0%	11.069	11,6%
2010	2.797.653	2.687.983	109.670	3,9%	40.947	68.723	1.933	5,0%	1.100	1,6%	3.033	2,8%
2011	2.795.422	2.684.954	110.468	4,0%	43.021	67.447	2.074	5,1%	-1.276	-1,9%	798	0,7%
2012	2.781.498	2.669.315	112.183	4,0%	45.309	66.874	2.288	5,3%	-573	-0,8%	1.715	1,6%
2013	2.765.940	2.655.978	109.962	4,0%	44.150	65.812	-1.159	-2,6%	-1.062	-1,6%	-2.221	-2,0%
2014	2.748.695	2.650.450	98.245	3,6%	39.927	58.318	-4.223	-9,6%	-7.494	-11,4%	-11.717	-10,7%
2015	2.732.347	2.641.706	90.641	3,3%	37.482	53.159	-2.445	-6,1%	-5.159	-8,8%	-7.604	-7,7%

Para máis información

DATOS DE INTERESE:

Informe EAPN España:

<http://www.eapn.es/estadodepobreza/>

Enquisa de condicións de vida do INE:

http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254735976608

Enquisa estrutural a fogares IGE:

https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205002&num_pag=11

CONTACTO:

EAPN GALICIA

Email: info@eapn-galicia.com

Teléfono de contacto: 881 957 284

Web: www.pobreza.gal Twitter: @EAPNGalicia

COLABORA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL